



## ROGO PARA O MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DA MEDIANEIRA DA RÚA DO HÓRREO NA ROTONDA FRONTE A ESTACIÓN FERROVIARIA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vanse cumprir tres anos desde que presentamos unha iniciativa para a mellora da seguridade viaria en distintos puntos da cidade, advertindo da necesidade de revisar periodicamente a situación das vías, para evitar circunstancias que dificulten ou reduzan as condicións de visibilidade.

Daquela mencionabamos o caso do xardín central da medianeira da Avenida de Lugo, fronte ás escaleiras de acceso á estación ferroviaria, onde a altura dos arbustos existentes viñan causando grandes dificultades para unha correcta visión do tránsito na súa contorna, de forma moi especial á hora de ver os vehículos que se incorporan á rotonda desde a rúa do Hórreo.

Co paso do tempo vémonos na obriga de reiterar a nosa petición, para esa mesma zona da rotonda da rúa do Hórreo, onde o medre dos arbustos volven dificultar a visión, e para outras nas que poidan darse circunstancias semellantes, motivo polo que reiteramos o seguinte rogo:

***Que por parte do correspondente órgano do Goberno Municipal se dean as instrucións pertinentes para reducir ou limitar a altura das plantas nas rotondas e medianeiras das vías, en especial da rotonda da rúa do Hórreo situada fronte á estación ferroviaria, coa substitución daqueles arbustos que polo seu crecemento impiden a correcta e imprescindible visibilidade de vehículos e peóns, con negativas repercusións na seguridade viaria.***

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2018.

Claudio Montiel Carracedo  
Concelleiro do Grupo Popular

CONCELLO DE SANTIAGO	
REXISTRO XERAL	
Data	- 7 NOV. 2018
ENTRADA	
Hora	Núm. 49431

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

## ANEXO FOTOGRÁFICO

